



En aplicación do previsto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio emite o preceptivo informe de legalidade relativo ó *Proxecto de orde do conselleiro de Facenda e Administración Pública, pola que se regula o procedemento para a presentación de solicitudes de inclusión nas listas para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia e se aproba o modelo normalizado de solicitude.*

O Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, foi modificado polo Decreto 60/2019, do 23 de maio.

O seu artigo 5, que entrou en vigor o 1 de xuño de 2020, segundo se establece no parágrafo segundo da disposición adicional terceira do Decreto 60/2019, modificado polo Decreto 160/2019, do 19 de decembro, recolle como novidade que a presentación das solicitudes de inclusión nas listas para o desempeño transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia realizárase preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, permitíndose opcionalmente a presentación presencial de solicitudes en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Na disposición derradeira segunda do Decreto 60/2019 facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de función pública para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do decreto, así como para regular a habilitación do procedemento de solicitude de inclusión en listas previsto no artigo 5 do Decreto 37/2006 na súa nova redacción, e os modelos normalizados correspondentes.

Tendo en conta que de acordo co establecido no artigo 6.2 do Decreto 37/2006, o prazo para a presentación de solicitudes nas listas que se atopen en xestión iníciase o 1 de marzo e finaliza o 30 de abril de cada ano, faise preciso que con anterioridade ao comezo deste prazo se articule un procedemento destinado á tramitación electrónica e presencial das solicitudes de inclusión nas listas coa aprobación dos modelos normalizados correspondentes.

A competencia para aprobar o proxecto de orde examinado correspóndelle ao conselleiro de Facenda e Administración Pública, de acordo co artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia. Por

razón da materia, a Dirección Xeral da Función Pública foi a competente para a elaboración da norma.

A orde contén oito artigos, unha disposición adicional única e unha disposición derradeira única, de entrada en ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Esta regulación é adecuada para acadar a súa finalidade e resultan cumpridos os trámites necesarios para a súa aprobación, segundo o establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Desde o informe do Servizo Técnico-Xurídico da fase inicial, na elaboración da disposición de referencia cumpríronse os seguintes trámites:

- 1.- Resolución de aprobación inicial do proxecto normativo.
- 2.- Publicación no Portal de transparencia e Goberno aberto, na páxina web da Xunta de Galicia. Non se presentaron suxestións por esta canle.
- 3.- Informe tecnolóxico funcional da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Amtega.
- 4.- Informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
- 5.- Informe da Asesoría Xurídica.

En consecuencia e de acordo co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio informa favorablemente o proxecto de orde de referencia, por estimar que queda garantida a súa legalidade.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2021.

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

P. A. O vicesecretario xeral



Luis Río Mosquera



Unidade de Funcións  
Unidade de Funcións

Unidade de Funcións  
Unidade de Funcións

Unidade de Funcións  
Unidade de Funcións

Unidade de Funcións  
Unidade de Funcións

Unidade de Funcións  
Unidade de Funcións

Unidade de Funcións  
Unidade de Funcións

Unidade de Funcións  
Unidade de Funcións

Unidade de Funcións  
Unidade de Funcións

Unidade de Funcións  
Unidade de Funcións

Unidade de Funcións  
Unidade de Funcións

Unidade de Funcións  
Unidade de Funcións

Unidade de Funcións  
Unidade de Funcións

Unidade de Funcións  
Unidade de Funcións



Unidade de Funcións  
Unidade de Funcións